

# CARTA DE SERVICIOS

5ª EDICIÓN - 2022





Elaborada segundo a norma:  
UNE EN ISO 9001:2015  
Aprobada por:  
Dirección Xeral

# CONTIDO DA CARTA

- 1.** Presentación pola Dirección: Obxectivo da Carta. Misión, Visión e Valores.
- 2.** Presentación de Fundación Meniños. Rigor e Transparencia. Redes. Publicacións. Premios. Financiadores e Colaboradores.
- 3.** Alcance da carta: Servizos Prestados.
- 4.** Dereitos e Obrigas das persoas participantes nos programas.
- 5.** Participación. Presentación de Suxestións, Queixas e Reclamacións.
- 6.** Onde estamos.
- 7.** Quen somos.

# 1 PRESENTACIÓN POLA DIRECCIÓN: OBJECTIVO DA CARTA. MISIÓN, VISIÓN E VALORES.



**N**a Fundación MENIÑOS, como organización non lucrativa comprometida coa protección e defensa dos dereitos da infancia, orientamos todos os nosos proxectos, servizos e actuacións á promoción da calidade de vida das persoas coas que traballamos.

Temos un compromiso claro coas persoas, especialmente as máis vulnerables, por iso asumimos con iniciativa as nosas responsabilidades, desenvolvendo e certificando un sistema de xestión da calidade que permita a mellora continua das nosas prácticas de intervención.

Esta Carta de Servizos representa un novo avance na vontade e esforzo por lle ofrecer á sociedade as maiores garantías de calidade no desenvolvemento da nosa actividade, de maneira que poida ser avaliada e contrastada segundo os compromisos e indicadores nela detallados.

O noso obxectivo é prestar os servizos asumindo compromisos coas persoas que neles participan, así como con todas as partes interesadas (administracións, organizacións, entidades e sociedade en xeral), e cumprindo coas máximas garantías de calidade.

**Mónica Permuy López**  
Directora Xeral











## MISIÓN

Fundación Meniños é unha organización que traballa polos dereitos da infancia e da adolescencia en situación de dificultade social, contribuindo a xerar un ambiente familiar de seguridade e afecto.

## VISIÓN

Ofrecemos servizos de intervención familiar de calidade contrastada para nenos, nenas e adolescentes en situación de dificultade social; promovemos o dereito a medrar nun contorno familiar que lles asegure o benestar e desenvolvemento integral, actuando, investigando, difundindo coñecemento, innovando sobre a súa atención e favorecendo a participación doutras persoas e entidades na promoción dunha cultura do bo trato.

# VALLORES

-  Compromiso cos Dereitos da Infancia.
-  Superior interese da infancia e a adolescencia.
-  A familia como referente estable.
-  Educación e capacidade de cambio.
-  Calidade e mellora continua.
-  Innovación e creatividade.
-  Coidado ás persoas.
-  Transparencia e independencia.
-  Compromiso social.
-  Compromiso coa igualdade e co enfoque de xénero.





# 2

## PRESENTACIÓN DA FUNDACIÓN MENIÑOS: PRESENTACIÓN DA FUNDACIÓN MENIÑOS. RIGOR E TRANSPARENCIA. ACREDITACIÓN. INVESTIGACIÓN E PUBLICACIÓN. PRINCIPAIS FINANCIADORES E COLABORADORES. PREMIOS E RECOÑECIMENTOS.



**S**omos unha ONG fundada en 1996 que traballa polos dereitos da infancia e a adolescencia en situación de dificultade social, a través de programas especializados de intervención familiar que perseguen a preservación e/ou a recuperación das condicións protectoras das familias, evitando as alternativas institucionalizadoras na protección á infancia.

### Queremos garantir a todos os nenos e nenas un contorno familiar onde poder desenvolverse.

-  Contamos cunha traxectoria de máis de 25 anos colaborando coas Administracións Públicas no impulso das políticas de protección á Infancia.
-  Estamos inscritos no Registro de Fundaciones asistenciales de Competencia estatal co Número 239SND.
-  Pertencemos á Plataforma de Organizaciones de Infancia (POI), á Plataforma de organizacións de Infancia de Galicia (POIG), á EAPN-Galicia (Rede Galega contra a Pobreza e a Exclusión Social) á Asociación Española de Fundaciones (AEF), e á Rede de Empresas con Distintivo de Igualdade DIE. Ademais, formamos parte do Consello Galego de Benestar, axencia pública autonómica impulsada desde a Xunta de Galicia.
-  Desde 1996 atendemos nos nosos Programas de Intervención un total de 9.569 nenos e nenas e 7.326 familias. Ademais, participaron 130.302 nenos e nenas de 1.051 centros educativos e 8.292 docentes nos nosos Proxectos Educativos e Preventivos.



Certificación de calidade ISO 9001:2015 para os programas “Integración Familiar” en Galicia, “Atención Familiar” en Pontevedra, “Adopcións Especiais” en Galicia e “Programas de Acogimiento Familiar y Adopcións para niños y niñas en situación de desprotección o de riesgo social y sus familias” en Asturias, emitida pola Certificadora de recoñecemento internacional Bureau Veritas Certification.




Auditoría económica externa con carácter anual con informe favorable desde o inicio da actividade.



Auditoría de protección de datos con periodicidade bianual.

Fundación Meniños conta cun Plan de Igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.



# ACREDITACIONES

## ESTATAL

- Registro de Fundaciones Asistenciales de Competencia Estatal Nº 239SND.

## EN GALICIA

- Acreditación de inscripción no rexistro de centros, servizos e establecementos sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia, C-15-002876.

- Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, Nº Rexistro: E-1547.

- Rexistro de Asociacións e Entidades Concello de Vigo, Nº Rexistro: 548.97.

- Rexistro municipal de Asociacións Concello de Pontevedra, Nº Rexistro: 312.

- Rexistro municipal de Entidades Cidadás, Concello de Ferrol, Nº Rexistro: 427.

- Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria, Nº Rexistro: O-125.


- Rexistro municipal de Asociacións da Coruña, Nº Rexistro 754.

## EN ASTURIAS

- Registro municipal de Asociaciones vecinales Ayuntamiento de Oviedo, Nº Registro: 606.

- Registro de Entidades de voluntariado del Principado de Asturias, Nº Registro: 48.

- Registro de Instituciones Colaboradoras de Integración Familiar del Principado de Asturias, Nº Registro: ICIF 1/2000.



# INVESTIGACIONES E PUBLICACIONES

**2001:** o Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales publica as “Experiencias e Investigaciones en Malos Tratos a la Infancia del Programa de Integración Familiar” de Fundación Meniños.

**2009:** “Estudio de Resultados sobre o programa de Integración Familiar”.

**2010:** publícase o conto “Milu”, escrito por Manuel Rivas e editado por Kalandraka, baseado na historia da personaxe do noso portal educativo Mundo de Milu.

**2011:** publícase, en colaboración coa Unidade de Investigación en Intervención e Coidado Familiar da Universidade da Coruña, o proxecto “Conecta”: Manual de Tratamento para adolescentes e familias en conflito.

**2012:** dáse ao prelo a “Guía de intervención: Impacto da violencia de xénero en nenos, nenas e adolescentes”, realizada xunto coa Unidade de Investigación en Intervención e Coidado Familiar e o Goberno das Azores.

**2016:** publícase “La Elaboración de la Historia de Vida”, un manual que proporciona ás familias acolledoras e gardadoras ferramentas específicas para axudar aos nenos e nenas na construción da súa identidade e historia persoal.

**2018:** publícase o estudo “Programa de Integración Familiar, Investigación para la Validación y Optimización”, realizado pola Fundación Meniños e o Grupo de Investigación e Formación Educativa e Social GIFES (da Universitat de les Illes Balears).

**2021:** publícase o “Manual de Boas Prácticas en Puntos de Encontro Familiar”, realizado pola Fundación Meniños en colaboración coa Universidade da Coruña e o Centro de Terapia Familiar e Intervenção Sistémica de Azores.

# PRINCIPALES ENTIDADES FINANCIADORAS E COLABORADORAS

## Financiadores Públicos



## Financiadores Privados



## Universidades





# RECOÑECEMENTOS

-  Premio ao Compromiso Social da Fundación Pfizer. (2007)
-  Premio Bip-Bip á mellor páxina web dunha ONG infantil. (2007)
-  Premio Cruz Roja de buenas prácticas en inclusión social. (2008)
-  Premio Fundación Corresponsables ao mellor proxecto educativo e preventivo. (2011)
-  Premio Picapeixe ao proxecto “Conecta” na modalidade de proxectos socioeducativos. (2012)
-  Premio Pontevedreses do ano 2013 na categoría de labor social.
-  Premio Ciudadanos en recoñecemento ao compromiso ca Infancia e a Adolescencia, orientado ao dereito a vivir en familia (2013)
-  Premio Buenas Prácticas 2016 outorgado por UNICEF na convocatoria Ciudades Amigas de la Infancia y Buenas Prácticas.
-  XXI Premio Tierno Galván a la Solidaridad y los Valores Humanos. (2017)
-  Premio Cenor a la Solidaridad. (2017)
-  Reconocimiento a la Promoción de la Parentalidad Positiva para el Programa de Integración Familiar. Outorgado polo Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social y la Federación Española de Municipios y Provincias. (2019)
-  Distintivo Igualdad en la Empresa, concedido polo Ministerio de Presidencia, Relaciones con las Cortes e Igualdad. (2020)
-  Premio “Meninas” de Galicia 2020, en recoñecemento á defensa da igualdade e contra a violencia machista. Concedido pola Delegación del Gobierno en Galicia. (2020)
-  Marca Asturiana de Excelencia en Igualdad, outorgada polo Principado de Asturias. (2020)
-  Premio José Luis Pinillos a la Excelencia e Innovación en Psicología, na categoría de Entidad Socialmente Excelente, concedido pola Fundación Española para la Promoción y el Desarrollo Científico y Profesional de la Psicología PSICOFUNDACIÓN. (2020)
-  Premio Solidario Cidade de Ferrol, concedido polo Concello de Ferrol. (2020)
-  Acreditación Implantación do Plan de Igualdade. Concedida pola Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia. (2021)
-  Premio ConGaVe, concedido pola Federación de Asociacións Veciñais da Coruña e Área Metropolitana. (2022)

# 3

## ALCANCE DA CARTA: SERVIZOS PRESTADOS.



### INTEGRACIÓN FAMILIAR

#### Reunificación familiar.

Este programa vai dirixido a nenos, nenas e adolescentes que residen en centros de protección e ás súas familias. Ofrecemos unha intervención familiar especializada directamente nos núcleos familiares, para axudarlles a superar a situación que provocou o internamento e, deste xeito, garantir unha reunificación familiar definitiva en condicións de seguridade e afecto.

#### Preservación familiar.

Programa deseñado para familias con nenos, nenas e adolescentes en situación de risco de desprotección e dificultade social. Persegue restablecer as condicións protectoras que lles son propias a estes núcleos a través da intervención, e así evitar a separación do neno, nena ou adolescente do seu contorno familiar. As familias son derivadas a este programa a través dos Equipos Técnicos do Menor da Comunidade Autónoma.

#### Funcionalidade familiar.

Programa que proporciona unha intervención intensiva previa á intervención familiar -propia das outras dúas áreas de preservación e reunificación-, dirixida a familias nas que se advirte un grave desgaste, cun nivel de desestruturación e de complexidade elevado, que impide que poidan recuperar as condicións protectoras nos dous anos previstos da intervención citada. O obxectivo é lograr que a familia poida romper a dinámica de fondo deterioro e consiga ser unha referencia positiva para os seus fillos e fillas.



### ATENCIÓN FAMILIAR

Este programa está destinado a nenos, nenas e adolescentes en situación de risco ou desamparo e ás súas familias, que sexan detectados nos servizos sociais municipais e que se axusten ás seguintes circunstancias: grupos familiares moi desestruturados con nenos e nenas en situación de risco, e adolescentes con absentismo escolar e problemas de conduta.

A través do servizo realízase unha intervención psico-socio-educativa especializada coas familias, para potenciar os seus recursos e minimizar e/ou eliminar os factores de risco.

As familias son sempre derivadas a este programa a través dos Equipos Técnicos Municipais.



## **ACOLLEMENTO FAMILIAR**

Programa dirixido ao apoio ao acollemento en familia allea de nenos, nenas e adolescentes que residen en centros de protección e que están en disposición de seren acollidos ou acollidas. Nalgúns casos, estes nenos e nenas poden ter unha maior dificultade para atopar unha familia de acollida porque cumpriron xa os 6 anos, son varios irmáns ou irmás, porque padecen algunha enfermidade crónica ou discapacidade física ou psicolóxica, ou calquera outra circunstancia que esixa unha especial dedicación por parte da familia acolledora. Meniños realiza campañas de procura de familias acolledoras, informa ás persoas interesadas, leva a cabo sesións de preparación, apoio e orientación, e acompaña durante todo o proceso ás familias e aos nenos e nenas, realizando intervencións á medida das súas necesidades.

As familias son derivadas a este programa a través dos Equipos Técnicos do Menor da Comunidade Autónoma pero poden obter previamente información en Fundación Meniños.



## **ADOPCIÓNS ESPECIAIS**

Programa dirixido a nenos, nenas e adolescentes que residen en centros de protección e que están en disposición de seren adoptados ou adoptadas, pero que teñen unha maior dificultade para atopar familia de adopción polo feito de teren máis de 6 anos, de seren varios irmáns ou irmás, ou porque padecen algunha enfermidade crónica ou discapacidade física ou psicolóxica, ou calquera outra circunstancia que esixa unha especial dedicación por parte da familia adoptante. Meniños realiza campañas de busca de familias adoptantes, informa ás persoas interesadas, leva a cabo sesións de preparación, apoio e orientación, e acompaña durante todo o proceso ás familias. En Galicia, ademais, realizamos acompañamento post-adopción.

As familias son derivadas a este programa a través dos Equipos Técnicos do Menor da Comunidade Autónoma, pero poden ser informadas previamente en Fundación Meniños.



## **PUNTO DE ENCONTRO FAMILIAR**

Programa para facilitar e preservar a relación entre os nenos, nenas e adolescentes e as súas familias en situacións de crise.

Permite e garante a súa seguridade e benestar; ademais, facilita o cumprimento do réxime de visitas a través da entrega e recollida dos nenos e nenas, visitas tuteladas, visitas supervisadas, e desenvolvemento de programas individualizados de intervención familiar, orientación e asesoramento.

As familias son derivadas polo órgano competente en materia de protección de menores da Xunta de Galicia.



## PROGRAMA CAIXA PROINFANCIA

Somos entidade colaboradora e coordinadora no programa CaixaProinfancia, promovido pola Obra Social “la Caixa” que ten como obxectivo facilitar o desenvolvemento integral de nenos e nenas afectados por situacións de pobreza e vulnerabilidade social, así como incrementar as súas oportunidades, promovendo a mellora da súa situación e a de todo o núcleo familiar e promocionando o desenvolvemento das competencias e o compromiso que lles permitirá asumir con autonomía ese proceso de mellora.

- **Favorecemos** o desenvolvemento das competencias de nenos, nenas e adolescentes e as súas familias que lles permitan mellorar os seus procesos de inclusión social e autonomía.
- **Promovemos** o desenvolvemento social e educativo da infancia e adolescencia no seu contexto familiar, escolar e social.
- **Desenvolvemos** e poñemos en práctica un modelo de acción social e educativa integral que contribúe a mellorar as oportunidades de desenvolvemento social e educativo da infancia e as súas familias.
- **Contribuímos** a sensibilizar e mobilizar á sociedade na erradicación da pobreza infantil.



## PROGRAMAS EDUCATIVOS E PREVENTIVOS

Promoción dunha cultura dos dereitos e do bo trato á infancia a través de propostas educativas e preventivas:

**Facendo Familias Educación Infantil.** Proposta educativa para fomentar a participación e responsabilidade de nenos e nenas na construción da familia e sociedade desde a primeira infancia.

**Facendo Familias Educación Primaria.** Proposta educativa para fomentar a participación da infancia na construción dun ambiente familiar positivo.

**O Mundo de Milu.** Servizo web educativo da Fundación Meniños orientado á infancia, persoal educativo, pais, nais e persoas con inquedanzas sobre o bo trato á infancia.

**Cando o semáforo está en ámbar.** A escola, protagonista na promoción do bo trato á infancia.

**Convivimos.** Proposta educativa para fomentar unha convivencia baseada no respecto á diversidade e na igualdade en dereitos e responsabilidades.

**Jugamos?** Talleres de xogo en familia para promover o exercicio positivo do rol parental.

**Viaxe ao reino das emocións.** Proposta educativa para a educación emocional infantil.

**Colexio do Benquerer.** Proposta de educación afectivo sexual que se desenvolve en Centros de Educación Primaria de toda Galicia.

**Proxecto “LECXIT, lectura para o éxito educativo”.** Proposta educativa deseñada pola Fundación Bofill que persegue a mellora da comprensión lectora, como competencia básica para incrementar a garantía de éxito escolar.

Estes proxectos están dispoñibles para a súa consulta na páxina web [www.mundodemilu.org](http://www.mundodemilu.org), e nos centros educativos e entidades que participan nos proxectos.



## ***PROGRAMA DE ATENCIÓN PERINATAL PARA NAIS EN DIFICULTADE SOCIAL***

Servizo de apoio psicosocial a mulleres embarazadas en situación de vulnerabilidade social. Promovemos unha experiencia de maternidade saudable, apoiando a nova relación e informando sobre prácticas de coidados adecuadas para favorecer a creación dun vínculo materno-filial san.

Acompañamos ás mulleres nesta etapa importante da súa vida no desenvolvemento dun diálogo sintónico coas necesidades dos seus fillos e fillas desde o embarazo ata o ano e medio de vida.

A intervención temperá coa díade nai-bebé é un factor de prevención e promoción da saúde integral de ambos e da conduta psicosocial infantil futura.



## ***ATENCIÓN A NENOS E NENAS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO***

Programa de intervención terapéutica para a reparación do dano producido pola violencia de xénero, dirixido a nenos, nenas e adolescentes vítimas deste tipo de violencia e ás súas familias. As persoas usuarias serán derivadas polo organismo competente.



## ***ATENCIÓN A NENOS, NENAS E MULLERES VÍTIMAS DE ABUSO SEXUAL***

O programa ten como destinatarias a nenos, nenas e adolescentes vítimas de abuso sexual infantil (ata 25 anos) que mostran desaxustes emocionais e/ou de conduta como consecuencia do abuso sexual infantil, aos familiares non agresores e ás principais persoas responsables do coidado dos nenos e das nenas, xa que cumpren un papel imprescindible na recuperación.

Ten tamén como destinatarios aos equipos profesionais da rede que traballan na contorna de nenos e nenas abusadas (equipos técnicos do menor, profesionais de centros de acollida cando houbo unha medida de separación da familia, profesionais da educación social, traballo social, pediatría, profesionais da contorna escolar, e demais profesionais implicados na rede de atención á infancia).

O procedemento de intervención é unha axuda psicolóxica por parte de profesionais acreditados e con formación específica na atención ás vítimas de abuso sexual infantil e ás principais persoas responsables do seu coidado, no contexto dunha relación segura e voluntaria. As intervencións, tanto desde o modelo de traballo como no seu desenvolvemento técnico están fundamentadas seguindo a evidencia científica dentro do campo da psicoloxía e a atención sociosanitaria.



## **ESPAZOS DE PRESERVACIÓN FAMILIAR**

ARELA e MENIÑOS en colaboración coa Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, e no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, desenvolvemos un servizo integral de apoio psicolóxico, social e educativo para nenos, nenas e adolescentes en situacións de risco leve e as súas familias.

Nestes espazos ofrecemos unha atención integral flexible, totalmente adaptada a cada situación familiar, en función da natureza das dificultades e as dinámicas familiares existentes, a través de actuacións psicoterapéuticas, mellora das competencias familiares, asesoramento familiar, apoio socio-educativo e orientación e integración socio-laboral; sempre cunha visión sistémica, reforzando a toda a unidade familiar, e en formatos individuais e grupais.

Como proxecto piloto innovador en servizos sociais, aporta rigor e evidencia científica aos programas de intervención familiar, dotándose dunha avaliación de impacto, dirixida pola Universidade de Santiago, que permitirá incrementar o éxito das intervencións, validar cientificamente o programa e garantir a súa posibilidade de replicabilidade e transferencia a outras áreas comunitarias.



## **PROXECTO FAIN - FAMILIA E INFANCIA**

O proxecto, financiado polos fondos Next Generation EU (a través do Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones e a Xunta de Galicia) levarase a cabo a través dunha oferta integral de servizos e apoios económicos personalizados, cunha duración máxima de 12 meses.

O obxectivo principal do proxecto FAIN é ofrecer apoio a familias con nenos e nenas menores de 18 anos que reciben o Ingreso Mínimo Vital ou a Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA) nas principais cidades galegas e en zonas rurais.

As actividades poderán ser de tres tipos:

- Paquete de apoio social: este apartado consta de cursos en saúde e coidados; axudas económicas para gastos sanitarios; cursos para mellorar a calidade de vida no fogar; axudas económicas para a vivenda; axudas económicas para reparacións no fogar; axudas económicas para o pago de subministracións (auga, electricidade, gas); cursos de informática; cursos sobre o coidado dos fillos e fillas e actividades de participación comunitaria.
- Paquete de apoio educativo: apoio individual cos estudos, axudas económicas para material escolar e axudas económicas para actividades educativas extraescolares.
- Paquete de inclusión activa: cursos en distintos temas para axudar na procura de emprego, sesións de orientación laboral e axudas económicas para a conciliación laboral.



## ***VOLUNTARIADO***

Meniños considera o voluntariado como unha expresión cidadá de participación e compromiso altruísta, que contribúe a xerar cambios positivos na situación da infancia en dificultade social. As persoas destinatarias poden ser calquera persoa, física ou xurídica, que se sinta identificada cos valores e servizos de Meniños e que estea interesada en fortalecer o seu compromiso social con accións de voluntariado.


Para isto, dispomos dun Plan de Voluntariado que permite a incorporación de persoas voluntarias de acordo coas súas expectativas e as necesidades de cada proxecto.



## ***CENTRO DE ASESORAMENTO E PSICOTERAPIA***

Centro especializado en psicoterapia e asesoramento dirixido a persoas con dificultades psicolóxicas individuais e relacionais e a familias con dificultades nos procesos de crianza. A abordaxe das dificultades realízase segundo a demanda e a necesidade de cada persoa, a través das terapias individual, familiar e de parella.

Servizo aberto ao público en xeral.



## ***XERACIÓN E DIFUSIÓN DO COÑECEMENTO (XEDICO)***

Con este programa pretendemos reforzar a nosa misión, completala e consolidala, coa guía e o control científico de persoas expertas universitarias.

Liñas de actuación:

- Plans de formación internos e externos.
- Elaboración e difusión de materiais propios.
- Realización de proxectos educativos e preventivos.
- Desenvolvemento de novos proxectos relacionados coa innovación e a investigación en necesidades emerxentes en infancia e adolescencia.
- Colaboración coas universidades para a investigación e prácticas profesionais.
- Cooperación técnica.

## CENTROS

## SERVIZOS

Sede Central na Coruña	<ul style="list-style-type: none"><li>• Programa de Integración Familiar</li><li>• Xeración e Difusión do Coñecemento</li><li>• Proxectos Educativos e Preventivos</li><li>• Adopcións Especiais</li><li>• Proxecto “Brújula”</li><li>• Programa Lecxit</li></ul>
Centro de Asesoramento e Psicoterapia A Coruña	<ul style="list-style-type: none"><li>• Centro de Asesoramento e Psicoterapia</li><li>• Programa de Atención a Nenos e Nenas Víctimas de Violencia de Xénero</li><li>• Programa de Atención a Víctimas de Abuso Sexual</li><li>• Programa de Atención Prenatal e Perinatal</li></ul>
Edificio Docente Novoa Santos (CHUS) Santiago de Compostela	<ul style="list-style-type: none"><li>• Atención Perinatal</li></ul>
Espazo de Preservación Familiar en A Pobra do Caramiñal	<ul style="list-style-type: none"><li>• Preservación Familiar Comunitaria</li></ul>
Punto de Encontro Familiar de Ribeira	<ul style="list-style-type: none"><li>• Punto de Encontro Familiar</li></ul>
Delegación de Lugo	<ul style="list-style-type: none"><li>• Programa de Integración Familiar</li><li>• Programa de Atención a Víctimas de Abuso Sexual</li><li>• Proxectos Educativos e Preventivos</li><li>• Atención Prenatal e Perinatal</li></ul>
Espazo de Preservación Familiar en Vilagarcía de Arousa	<ul style="list-style-type: none"><li>• Preservación Familiar Comunitaria</li></ul>
Delegación de Pontevedra	<ul style="list-style-type: none"><li>• Programa de Atención Familiar</li><li>• Proxectos Educativos e Preventivos</li></ul>
Centro Benito Corbal Pontevedra	<ul style="list-style-type: none"><li>• Caixa Proinfancia</li><li>• Atención Familiar</li><li>• Proxecto “Brújula”</li><li>• Integración Familiar</li><li>• Adopcións Especiais</li></ul>
Punto de Encontro Familiar de Pontevedra	<ul style="list-style-type: none"><li>• Punto de Encontro Familiar</li></ul>
Centro de Negocios Pontevedra - Rúa Manuel Quiroga	<ul style="list-style-type: none"><li>• Proxecto FAIN - Familia e infancia</li></ul>
Delegación de Vigo	<ul style="list-style-type: none"><li>• Programa de Integración Familiar</li><li>• Proxectos Educativos e Preventivos</li><li>• Proxecto “Brújula”</li><li>• Programa de Atención a Víctimas de Abuso Sexual</li></ul>
Centro de Saúde San Paio de Navia en Vigo	<ul style="list-style-type: none"><li>• Atención Perinatal</li></ul>
Delegación de Ourense	<ul style="list-style-type: none"><li>• Programa de Integración Familiar</li><li>• Programa de Atención a Víctimas de Abuso Sexual</li><li>• Proxectos Educativos e Preventivos</li><li>• Atención Prenatal e Perinatal</li></ul>
Delegación de Asturias	<ul style="list-style-type: none"><li>• Acollemento Familiar</li><li>• Adopcións Especiais</li></ul>

\* O servizo de voluntariado préstase en todos os centros.



# 4

## DEREITOS E OBRIGAS DAS PERSOAS PARTICIPANTES NOS PROGRAMAS.



### COMUNIDADE DE GALICIA

#### *Dereitos*

- A utilizar os servizos en condicións de igualdade e sen discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, estado civil, idade, situación familiar, discapacidade, ideoloxía, crenza, opinión ou calquera outra circunstancia persoal, económica ou social.
- A recibir un trato acorde á dignidade da persoa e ao respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, tanto por parte do persoal como das persoas implicadas no centro, programa ou servizo.
- A unha intervención individualizada acorde coas súas necesidades específicas, así como a que se lles asista nos trámites necesarios para o seu acceso á atención social, sanitaria, educativa, cultural e, en xeral, a todas as necesidades persoais que sexan precisas para conseguir o seu desenvolvemento integral.
- A recibir información de maneira áxil, suficiente e veraz, e en termos comprensibles, sobre os recursos e prestacións do programa ou servizo.
- A ter asignada unha persoa profesional de referencia que actúe como interlocutora principal e que asegure a coherencia e a globalidade no servizo.
